





# Antón Lamazares, cinco décadas de viaxe interior

O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) reúne, baixo o título «Inda é día», unha grande escolma do traballo realizado por Antón Lamazares ao longo de cinco décadas. A mostra, que reivindica a obra dun dos autores referenciais da arte galega dende a segunda metade do século XX, convida a experimentar a vivencia plástica como unha viaxe de introspección. Galicia é o seu punto de partida.

TEXTO Xosé Luís García Canido



#### DENDE O CUMIO DO MONT VENTOUX

contéplase unha inmensa paisaxe de extensos campos de lavanda. Situada na Provenza francesa, a poucos quilómetros de Avignon, a cidade dos «Papas negros» ao longo de catro séculos, érguese esta montaña como un faro de case 2.000 metros que impresiona polo seu aspecto lunar e cor albuínea. Impulsado polo desexo de observar aquel célebre lugar, o 26 de abril de 1336, que caía en venres santo, Francesco Petrarca, autor do cancionero máis influente da historia da poesía occidental, escribiu unha carta a seu amigo Dionigi da Borgo San Sepolcro na que narra a súa ascensión.

Despois de descansar un día en Maulacene, ao pé da ladeira, Petrarca e o seu irmán iniciaron a subida sen demasiados contratempos. Era un día perfecto, pero a natureza rochosa dificultaba as ganas daqueles camiñantes, que desexaban experimentar as sensacións de apalpar o ceo. O poeta italiano conseguiu coroar a cúspide, mais chegou tan canso que, por un segundo, perdeu o coñecemento. Cando se recuperou non viu máis que nubes. Entón, abriu ao chou unha páxina do décimo libro das *Confesións* de santo Agostiño e atopou unha reflexión axeitada para aquel intre: «Os homes van admirar as alturas das montañas, as enormes ondas do océano, o caudal dos ríos máis anchos ou as órbitas das estrelas e déixanse a si mesmos».

Aquela lectura suscitoulle dúbidas sobre a visión do universo e recoñeceu que debería ter aprendido «que non hai nada admirable, salvo a alma. En comparación coa súa grandeza, nada é grande», escribiu. Acto seguido, consuma a súa renuncia ao mundo exterior: «Daquela, satisfeito, xa que vira bastante, volví a mirada ao interior de min». Na cimeira daquela montaña fundíronse corpo e alma. O descubrimento moderno da natureza como paisaxe débese, en definitiva, a un home que combina a súa condición de crego e de poeta. Petrarca inaugurou un camiño que tres séculos despois ensanchou o artista alemán Caspar David Friedrich, quen asegurou que non só debía pintar o que ve ante el. «Pecha o teu ollo corporal para que poidas ver primeiro a imaxe co teu ollo espiritual. Despois saca á luz o que contemplaches na escuridade», suxeriu.

Pola mesma corredoira marcharon dende o século XX autores como, entre outros, Van Gogh, Paul Klee, Kandinsky, Mark Rothko, Joan Miró, Manolo Millares ou Antoni Tàpies. Tamén o galego Antón Lamazares (Maceira, Lalín, 1954), que ata o próximo cinco de maio presenta «Inda é día» no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), unha grande antolóxica comisariada por António Gonçalves, onde se recollen os seus 50 anos de traballo e prospección. Cinco décadas nas que mantén constante a mesma ollada, dende a súa primeira exposición individual no Círculo Mercantil de Compostela en 1973, ata a súa última serie titulada *Cántico espiritual*, de 2023, que pecha a selección do museo galego. A mirada dun artista que dende moi



cedo converteu a viaxe, física e psíquica, en fonte de inspiración e nun dos seus temas centrais.

Precisamente, pola súa admiración da obra de Friedrich trasladada a súa residencia en 2004 a Berlín, cidade que habitou ata o 2016, para traballar en soidade e en harmonía coa paisaxe que o rodeaba. «Os meus cadros veñen influenciados polo clima aberto e cosmopolita desta cidade, e todo axuda a pensar no concepto de abstracción», confesou.

Da súa estancia na capital xermana naceu *Domus Omnia*, que exhibe por vez primeira en 2008 na galería Kai Hilgemann e na que reflexiona sobre a idea do fogar. A paisaxe galega é o punto de partida. Nestas obras sobre cartón, as casas perfiladas como siluetas convértense nunha homenaxe á familia, «que pode abranguer moitos significados: soños, compromisos, desexos, sentimentos ou costumes. Fago alusión ás vivendas dos devanceiros que a historia nos lega e que van ser o fogar dos nosos descendentes».





À esquerda, foto do artista no seu estudo dos anos oitenta e diante dunha portaría do mosteiro franciscano de Santo Antón de Herbón, no que estudou entre 1964 e 1960.

Arriba, coas galeristas Juana Mordó e Elisabeth Franck, tamén nos anos oitenta.

### Ler a San Juan de la Cruz no Mosteiro de Herbón

Lamazares comezou a pintar nos primeiros anos da década dos setenta, cando fixo amizade con artistas como Laxeiro ou Manuel Pesqueira, aos que considera dous referentes fundamentais na súa aproximación á arte, xunto a Alfonso Fraile, Santiago Amón e o poeta Carlos Oroza. Na súa adolescencia soñara con escribir poesía, «e despois a vida levoume polo camiño da pintura». A semente daquelas inquedanzas xerminou coas súas primeiras lecturas na biblioteca do mosteiro de Santo Antón de Herbón, onde permaneceu como interno entre 1964 e 1969. Instaurado no ano 1396 polo frei Gonzalo Mariño, este centro de culto invita a respirar a sobriedade que reina dentro dos seus muros centenarios, onde a cultura era piar fundamental. «Estudei cos franciscanos e eles ensináronme o camiño aos poetas grecolatinos ou a san Juan de la Cruz. Con eles atopei un altar formidable onde a primavera, o inverno, o verán e o outono, todas as nosas alegrías e asuntos, eran celebradas dun xeito inefable», explica.

Como unha relectura do carmelita descalzo, despois do seu retorno de Berlín, comeza unha serie «consagrada» a san Juan de la Cruz. Os versos afloran, esta vez, a través dos cadros. «Levo moitos anos traballando de maneira directa e profunda con toda a súa obra, que é o que quería dende que de mozo a descubrín, porque pretendo facer toda a súa poesía fundamental. Pinto como eu entendo ese sentimento», adiántanos.

**«Gustaríame que o meu cadro fose unha oración á vida, unha posibilidade de redondear as espiñas da coroa das nosas vidas»  
(Antón Lamazares)**

### Enraizarse para contemplar o futuro

Non foi a primeira vez que penetraba plasticamente na obra dalgúns poetas. Con anterioridade, dedicáralle unha extensa serie a Carlos Oroza ou a Uxío Novoneyra, que exhibiu en 2015 no Museo Gaiás. Branca Novoneyra, filla do autor do Courel, escribira entón que o artista evoca «a palabra primeira da Terra, que resoa na obra do poeta e de toda a cultura galega, fortemente arraigada. Nese testamento de Lamazares, entendido como lugar de intensidade e respecto a unha visión común, os versos enraízanse profundamente ao futuro como lugar dende o que mirar o presente».

Nesta transformación da poesía en pintura emprega un alfabeto que elaborou hai máis de 10 anos en homenaxe ao seu pai, Delfín, onde cada símbolo equivale mais que a unha letra. «Non me interesaba unha especie de alfabeto latino, xa que pretendía outorgarlle certo misterio». O seu obxectivo centrábase en vencellar o pictórico co poético, «interpretar de xeito pictórico o poema, o seu pensamento». O alfabeto Delfín é unha volta á orixe. Cada letra ten unha equivalencia, un significado creado. «O 'A', unha especie de alfa, representa a Creación. O 'B', semellante a un rombo, é a estrela de Belén e da imaxinación. O 'C', semellante a un dous, é compaixón», aclara.

Foi en 2013 cando atopa este camiño. «Durante nove anos, o meu traballo foise ampliando. Decidín pintar a través da palabra, como quería cando empecei con 18 anos, alá polo 1972, pero entón non sabía moi ben como facelo», aclara. «Entendín que tiña que traballar cun alfabeto con certo misterio, e inventei o meu 'alfabeto Delfín', dedicado a meu pai, labrego e cristián, falecido por aquel entón. A partir de aí, tratei de desenvolver e



ampliar todo isto que parece estar no aire, pero que o aire estea ao noso favor non é doado», explica.

### Novas formas de significar


Moitos escritores pintan e moitos pintores escriben, pero moi poucos logran compaxinar ambas actividades con tanta fluidez e intensidade como Lamazares. No seu caso, a pintura e a escrita conflúen porque son formas igualmente válidas de atoparse a un mesmo e ambas serviron como ferramentas para tecer un universo poético que permite a viaxe dentro da propia conciencia dun. A través da caligrafía e a súa composición plástica, as súas obras revelan un achegamento á escritura como forma de creación, nun diálogo constante entre o mundo material e o espiritual.

Ao xeito de Apollinaire, de Lautémont ou, incluso, dos de Henri Michaux, Lamazares redefine o poder da palabra no xesto pictórico, que concibe como unha linguaxe anovada dende a que descubrir novas formas de significar e nomear. Corredoiras que se moven pola palabra poética como extensión a outro territorio sensible. Signos que poderían interpretarse como unha inmersión fulgurante na sima onde o visual e o verbal entretécen as súas raíces. As súas imaxes parten da lectura, retornan a ela e, nese proceso, a palabra escrita xurde cargada de valor icónico despois de ter sido privada do seu valor representativo. A expresión abstracta chega a ser máis importante que a lexibilidade das letras. O material básico co que traballa son os textos que somete a longos e minuciosos procesos de transformación ata resultar irrecoñecibles. O resultado: unha obra intimista na que se perciben referencias ás táboas de barro mesopotámicas ou, incluso, aos ideogramas chineses. De feito, a tradición chinesa fala da caligrafía, a poesía e a pintura como as «tres perfeccións», consideradas en conxunto a expresión máis avanzada e sublime.

Os sabios gregos achegáronnos xa á súa dimensión espiritual. Platón fálanos do seu vínculo co mundo espiritual: «a pluma é a cadea do intelecto, a caligrafía é a alegría dos sentidos e o desexo da alma é percibir a través dela». Neles percibimos xa que ten o poder de separar ideas, recompoñelas e conservalas.

### Un percorrido iniciático

Tras deixar o mosteiro de Herbón es estudar dous anos no Instituto do Calvario de Vigo, inicia en autostop e para fuxir da servizo militar franquista unha reveladora viaxe por Europa. Os traballos na colleita de fresas preto de Londres, que lle permiten sufragar todos os gastos, combínanse con visitas a museos onde estuda a Rembrandt, Van Gogh ou a Klee. Precisamente, a mostra no CGAC recolle varios cadros, datados pouco despois daquel percorrido iniciático.



Imaxes da exposición «Inda é día». Fotos CGAC.



iniciático. Entre eles, os que pertencen á serie *Canellas* (1978-1985), rúas sen saída que rematan nunha parede na que se perpetúan modestas pintadas indescifrables, declaracións de amor ou consignas políticas.

Con referencias expresionistas e á abstracción, evidencian certas reminiscencias do *Angelus Novus*, un debuxo en tinta chinesa e acuarela sobre papel, pintado en 1920 polo suízo Paul Klee, que posteriormente fora adquirido en 1921 polo filósofo Walter Benjamin. Este cadro terá un importante impacto na vida do filósofo alemán, representará unha fonte constante de inspiración para o seu pensamento. Para o autor de *Illuminacións*, a arte conserva unha especie de aura, algo que permite que unha obra sexa «irrepetible». Por todas estas razóns, a obra acompañouno en todos os lugares onde residiu ata a súa morte. Rematada a Segunda Guerra Mundial, pasou a mans do pensador Theodor Adorno.

**«Cos franciscanos atopei un altar formidable onde a primavera, o inverno, o verán e o outono, todas as nosas alegrías e asuntos, eran celebradas dun xeito inefable» (A. Lamazares)**

Despois da concesión dunha beca Fullbright, Lamazares axiña se trasladou a Nova York, onde permaneceu dous anos. A súa pintura, que exhibe na galería Bruno Fachetti da cidade estadounidense, evoluciona cara a unha concepción máis depurada. Alí coñece de maneira directa a transcendencia dos expresionistas abstractos, especialmente a de Pollock, De Kooning e Rothko, se cadra o máis próximo á actitude do galego. Estes defendían a idea de que as imaxes abstractas tamén tiñan un significado. Rothko engade a esta crenza unha clara connotación espiritual. Así o demostrou na súa Houston Chapel, na que crea un espazo de comunicación íntima. O obxectivo era acadar un clímax de espiritualidade semellante ao de espazos como a capela Pazzi, ubicada no primeiro claustro da basílica de Santa Croce de Florencia, e tamén unha experiencia do sublime comparable á das paisaxes de Friedrich.

Como moitos dos expresionistas abstractos, Lamazares comunga coa estética do sublime. Cre firmemente que un cadro pode transmitir un significado exclusivamente a través de calidades formais e cromáticas, sen ningunha referencia ao

exterior. Mais que captar unha imaxe do mundo, pretende xerar unha experiencia transcendental, na que o espectador se sinta abraiado pola superficie pictórica. Algo disto translúcese na montaxe do CGAC, especialmente en relación co espazo onde se exhiben os cadros dedicados san Juan de la Cruz.

### **Atlántica, Juana Mordó, Basilea**

Os anos oitenta foron de intenso traballo e tamén de gran proxección. Antes de cumprir os trinta anos, xa conquistara un espazo propio no panorama español e tamén no internacional. Ademais da súa participación en Atlántica, expón, entre outras, na galería Juana Mordó (Madrid), que o presenta na feira de arte contemporánea de Madrid ARCO de 1984 cun exposición individual, na sala Gaspar (Barcelona), en espazos de Bélxica, Suíza, París, Estocolmo e na feira de Basilea, tamén de xeito individual. Naqueles tempos acostuma a empregar materiais humildes, como o cartón ou a madeira, onde proxecta imaxes de espírito onírico, de liña expresionista e poderosa orixinalidade.

Despois de percorrer Asia Menor e Istambul, amosa en 1988 a serie *Xanelas*, unha metáfora e ao mesmo tempo un símbolo do cadro como unha fiestra pola que o espectador albisca paisaxes imposibles. A xanela como unha zona intermedia de comunicación entre o interior e o exterior, un espazo intersticial, tal como o definiu inicialmente Michel Foucault e sobre o que retornaría Gilles Deleuze.

En 1990 instalouse en París cunha bolsa da Cité des Arts. Na galería Philippe Gravier presenta en 1994 *Gracias vagabundas*, das que desaparece a presenza de figuras e son substituídas por manchas de cor nunha especie de estouro emocional. Despois, na primeira década dos anos 2000, realizou retrospectivas, entre outros, no Museo Nacional de Xordania ou nunha igrexa do século XVIII, semiderruída polos bombardeos da Segunda Guerra Mundial, que pertence ao museo Kiscelli de Budapest. «É un espazo cheo de historia. O pasado de Europa aínda perdura alí. Foi un grande desafío. Alí a obra só ten dúas opcións: ou se esmaga ou se impón como a promesa da esperanza», comentou. A espiritualidade tan presente nas súas pinturas quedou potenciada polo impresionante escenario. «Gustaríame que o meu cadro fose unha oración á vida, unha posibilidade de redondear as espiñas da coroa das nosas vidas», prega.

Para Lamazares, a misión do pintor é «encarnar o misterio da vida de tal xeito que a pintura sexa unha mesa de coñecemento para o home». Ao longo destes 50 anos, como Petrarca, o autor de Maceira, moi preto dese epicentro de Galicia que é o monte Faro, demostra que a súa pintura representa unha ascensión espiritual, unha proba, unha paixón. Tamén un lúcido testemuño da vertixe na que non rexeita tocar o ceo.